

MANUAL DEL REXISTRADOR

Martin de Villar

ORCID iD: 0009-0007-7735-5685

Resume: Envolto na nebrada veterinaria popular atopouse el oficio d'aquellos homes qu'avezaban a ir ás ferias de gado y, si daquén lo precisaba, revisaban el estado de cualquier animal que se quixese comprar. Si tía defectos importantes confesábanyos al comprador, qu'era quen ye pagaba, pra que lo deixase; en cambio, si todo taba en orde, dábanlo de paso y pechábase el trato.

Al filo d'este estudio ameicéu úa llarada interesante de términos llingüísticos singulares, particulares da fala del occidente, y relativos ás diferentes características de cada animal. Así, descubriremos lo qu'è úa vaca esmanzanada, pandía, resga, manca ou afaxada; entenderemos qué ye pasa a un boi condo ta demoucado, copín, esfilado, contrarroto ou espombelado; saberemos distinguir úa xovenca que ten a gota serena, a velía, el pano del oyo ou media costella; atoparemos el esparaván, el novaniyo, as amatas, a melga y el sobredente dos caballos; y detectaremos un cocho rezcoyo, con *mal rojo*, col dente mouro ou col grao.

Estos y outros vocablos ben chamadeiros dan vida a este artículo tratando de que nun s'esqueiza este pedazo da cultura ganadeira asturiana.

Pallabres clave: léxico, albitre, compra-venta, Navia-Eo

THE RECORDER'S MANUAL

Abstract: *Within the realm of folk veterinary practices, we find the profession of those men who were accustomed to attending livestock fairs to assess the condition of any animal that someone wanted to buy. If there were significant defects, they would confess them to the buyer so they would abandon the purchase; conversely, if everything was in order, they would give their approval, and the deal would be closed. In the course of this study, we encountered a wealth of unique linguistic terms related to the various characteristics of each animal.*

Keywords: *lexicon, veterinary, buying and selling, Navia-Eo*

INTRODUCCIÓN

Nun cabe duda de qu'a vida rural da rexón apareya úa actividá ganadeira mui importante y que todas as patoloxías que sufrían antigualmente os animais da cabana, tanto bovina, caballar, ovina ou porcina, taba en maos espertas de xente curiosa qu'entendía de gado. Esa responsabilidá recaí hoi en día nos veterinarios, pero antias d'ellos, este trabayo taba desempeñado por albeires, bestieiros, parteiros y compostores qu'había nos poblos, xentes que mamaran el cuidado dos animais dende ben pequenos y que tían úa destreza fora de duda pra tratar os alifaces que yes acontecían.

Entre medias de todos ellos aparece a figura del rexistrador. El rexistrador nun curaba, nun compoñía, nin atendía animais. Solo daba fe da salú del gado. Si daquén iba a úa feria ou a un particular gastar cuartos nun animal y nun taba seguro das cualidades de lo que compraba, ás veces botaba mao d'un rexistrador. El sou cometido era ferye un esame completo al animal y dallo de paso pra consumir el trato entre el amo y el posible comprador, ou botallo pr'atrás si ye parecía que nun era bon. El rexistrador era entendido en atopar todos contos problemas de salú ou comportamento tuvese el gado qu'ibas comprar.

Condo se recurría al rexistrador, normalmente el trato entre vendedor y comprador xa casi taba feito, pero faltaba a súa palabra pra dar el visto bon al animal y consumir a compraventa. El sou trabayo apoyábase nun proceso de meticulosa observación y protocolarias probas que se fían al animal y que describiréi aquí pol orde en que, na mayor parte dos casos, me cuntaron. Divídese aquí el rexistro en tres apartados según as cabanas ganadeiras:

- Vacas, xatos y bois.
- Caballos, mulas y burros.
- Cochos.

El primeiro grupo vai esplicado dende el punto de vista anatómico dos animais, reparando nos fallos que buscaba el rexistrador en cada parte del corpo dos mesmos y a importancia que se yes daba.

Respecto al segundo, pra nun repetirse, resulta oportuno enfocallo dende el punto de vista dos verdaderos protagonistas del estudio, aquellos

homes que exercían el difícil arte de valorar el gado. É de llei qu'aparezan representados os nomes dos rexistradores máis importantes da comarca así como as mañas que se daban trabayando.

El terceiro grupo vai dedicado al gado de cubil, cos detalles que los fain diferentes nel rexistro, y aderezado con un interesante repaso das supersticióis y costumes arcaicas qu'arrodiaban al animal doméstico.

VACAS, XATOS Y BOIS

Empezaban con un esame detallado da aparencia del gado. Un animal que se consideraba «guapo» xuntaba úa serie de cualidades que lo fían atractivo pral comprador. Nun é solo falar da estética, non. El ganadeiro sabe qu'un animal proporcionado, equilibrado, forte dentro da súa medida y elegante nel paso, ademáis d'agradable á vista, sempre dá menos problemas á llarga.

El esame anatómico del animal queda patente nas palabras de Domingo del Carbayo, de Castaedo (Villayón):

Comprábanse con seis, sete, oito meses, xatucos curiosos criados nel monte, que xa tían un forcuco de corno, de quince centímetros máis ou menos. Normalmente eran de raza cruzada, entre casino y cabañés, y despós tamén cruzaban con asturiano. Eso mirábase muito porque conto miyor raza foran más cuartos costaban, pero tamén sacaban muito más al hora de vendellos.

Normalmente vendíanlos pr'abaxo, prá marina, para trabayar... y allí queríanlos bús, claro. Unde era costo queríanlos más cabañeses, máis ruíos porque pesaban menos y al ser el tarrén pendiente pos andaban miyor qu'os bois grandes. Pero na marina querían bois bus, que fosen grandes. El boi asturiano era el máis valorado. Esa raza daba úa talla mui búa, con bus cornos y había que buscar que fosen lo máis igualados posible. Algo era por capricho, porque trabayaba igual un ratino qu'un rubio, pero queríanlos ben emparexados, quedaban miyor. Eso a xente que compraba miráballo muito. Era importante que fosen de tamaño mui parecido pra xoncer, porque si non, iban descompensados.

Algo que chamaba a atención al ver úa res y qu'era mui apreciado pol comprador era a culeira. Si tía búa musculatura nos xamóis el animal marcaba úa raya de cada cacha; pero si tía categoría de verdá, marcaba dúas



Xatos culóis.

rayas en cada cacha. Esas vacas train xatos culóis lexítimos. Però si nun ten esas cuatro llínias, pos non. Xa nun é tan búa y pagábase menos.

A CABEZA

Aquellos rexistradores empezaban a revisar polla cabeza, con especial atención á vista, á boca y a os cornos del animal. Detectar un problema de visión era de gran importancia pos de faltar visión d'un oyo podía resultar un animal falso, de pouco fiar. Úa vaca que nun vise d'un oyo volvíase desconfiada y corniaba con facilidá condo t'arrimabas a ella por ese llado. Un boi era muito máis torpe al hora de tirar del carro ou del arado y tropezaba á mínima. Nun interesaban ningún dos dous. En palabras de Domingo del Carbayo, de Castaedo (Villayón):

Miraban que nun tuveran manchas nos oyo, porque podían ser d'un pinchazo, ou de cualquier infección que tuvese nel oyo, ... y entós xa nun gustaban al que compraba. Ás veces botaban úa telaxa por delante del oyo que yes acababa por quitar de ver. Había varios romedios, nun sei si valían ou nun valían... Meu bolo echábayes cinza de beneito, de sabugo, como quiras dicir; queimábanlo y queda úa cinza mui branquía: peneirábanla coa peneira del trigo pra que quedase ben fina y, eu acórdome de ver fello a meu bolo.

Nel conceyo de Bual, nel pobo de Llendigresia, falan d'un rexistrador de muita fama chamado Laureano de Pileya, que tamén empezaba esame polla vista.

Mirábayes con muita precisión a vista, por si tían lo que vulgarmente se chama a «gota serena», qu'è como úa catarata. ¿Cómo lo comprobaba? Mirábaste na pupila del caballo y, si taba opaca, si nun te vías tu reflexado, pos algún tipo de glaucoma ou lesión ocular tía... y eso é lo que ye chamaban a «gota serena».

Respecto á vista, Manuel del Couz, d'Arancedo (El Franco) recorda outra patoloxía qu'había que descartar antias de comprar. Sou bolo Saturno era un experimentado albeitre y rexistrador y sabía identificar el «pano del oyo», úa teliya branca que se forma nos oyo das bestias despós de llevar un golpe y que pode causar cegueira irreversible si nun s'ataya a tempo. El problema era abondo importante como pra quitarye muito al precio xa que naide quería un animal cego.

Por outra parte, si compraban barato y despós eran quen a curallo, el negocio era redondo. Ei taba a ganancia muitas veces. Saturno preparaba un colirio con dúas cuyaradas de mel, outras dúas de zume d'herba del pano, úa cuyarada de zume de cioyo y outra de zume de ceridona. Aplicábase antiguamente con úa pluma da cola d'un gallo repetidas veces hasta que se quitaba de todo.

Sergio de Candosa (Castropol) é un gran observador das cualidades del gado, fala da «velía» outra afección que convén detectar porque yes quita visión.

Chámanye a velía y consiste en que se ye ve nel fondo da nena del oyo un ramín como si fose fumo escuro. Y eso quítayes vista. É un ramín como si fose fumo, como si fose nebra, un farrapín fino y eso nun yes deixar ver ben, claro. Eso é lo qu'eu yes ouguín chamarye sempre. Eso é interno, dentro del oyo, y nun sei porqué yes sale. Fai como úa nubre y nun yes tapa a nena toda, solo parte d'ella.

José de Peluco, da Zoreiría (Villayón), aporta datos sobre úa patoloxía inflamatoria dos oyo, que por aquela zona chámase el «sangrón».

Na primaveira, coa forza del sangre, a lo miyor úa res poñíase mala, hinchábanye os oyo y era lo que ye chamaban el sangrón, úa forza de sangre, dábanye ese nome. Daba a caballos y a vacas y a todo. Acórdome aquí nel poble qu'úa

vez ye pasara a un caballo y tuvera que darye un corte así enriba del casco pra que sangrase. Però aquello nun era abondo y el caballo cada vez taba máis hinchado y entós abríuye a boca y cortóulo así nel celo da boca y empezóu a sangrar máis y máis y al cabo d'un pedazo el caballo despexóu. Eso foi aquí, na casa de Peluco. Fai anos había xente tamén que se poñía d'eso y había qu'ir buscar el médico a Lluarca, que si non igual morrían d'eso, dábayes úa forza de sangue de xeito que podían morrer.

A CORNAMENTA

Outra parte importante era el esame da cornamenta. A disposición dos cornos da vaca xa se ye vía con solo mirar pra ella. Hoy xa casi se yes quitan a todas de pequenas, en conto yes queren empezar a medrar, però antias era importante que los tuvesen y non de cualquier xeito. Aparte a súa función defensiva contra outras vacas, el toro, ou el llobo, así como pra piallas, cabicornallas, ou simplemente llevallas del ramal, era primordial. Inda así pra lo que máis se precisaban os cornos era pra xoncellas, pos trabayando como animales de tiro era como máis proveto se yes sacaba.

Neste caso era indispensable qu'a vaca ou el boi nun tuvесе «demoucao», que nun ye faltase ún dos cornos. Eso era evidente a simple vista. Però tamén había que comprobar qu'a reiz del corno nun supurase nin tampouco tuvесе sangre, y tirarye coa mao a ver si los tía ben presos, pos nun faltaba algún pícaro querendo vender úa vaca que recén ye cayera el corno y tríalo posto a ver si colaba. Fernando de Rego, albeitre de Valdepareas (El Franco) tamén deu a súa opinión sobre este problema da cornamenta.

Despós había, pra condo se ye rompía un corno a úa vaca, que ye quedaba el cañoto. Si rompía arrentes, nada, que curaba igual, però si quedaba el cañoto curábase con binteiro. Cocíase un puñado de foyas de binteiro, llavábase ben el cañoto col agua, despós envolvíase coas foyas y poñíase un vendaxe.

Moisés da Casanova, de Castaedo (Villayón), antigo tratante y rexistrador qu'agora vive en Bual, cuntóu en primeira persona el método que tía pra enderetar os cornos dos bois condo los tían despaxados. A lo miyor tían un corno pra riba y el outro pra baxo y naide los quería. Todo



Moisés da Casanova col alfareme qu'usaba pra enderenzar os cornos dos bois. É de madeira de bidureira y ten tres furacos de distinto tamaño pra meter nel corno y fer palanca a diferentes alturas hasta deixallos parexos de cabeza.

el mundo quería que fosen «*parejos da cabeza*». Si los tían desigualados, Moisés comprábalos a bon precio, correxía el defecto y vendíalos despós sacando ganancia.

Témosyes amañado cornos a os bois que si cuadra tían ún que tiraba un pouco pra baxo, pos poñíaslo al son del outro pra que quedase máis guapo el boi. Calentábasyo con un ferro, xeneralmente con un picón ou úa eixada metida nel llume hasta que se puxese colorado. Ibas meténdoyo así pol corno hasta qu'abrandase col calor y acto seguido tíamos un palo con tres furacos de diferente tamaño y ibas dándoye forma hasta poñello como el outro. Desmangabas a eixada, poñíasla al roxo vivo, y pol furaco unde pasas el mango, ibas pasando el corno del boi. Aquí temos metido os bois na cocía pra que nun enfriase el ferro. Ibas calentando ben el corno y despós col palo aquel que tía tres furacos ibas enderetando el corno. Y si nun era abondo, volvías calentar a eixada y volvías fello.


Os cornos nun taban llibres de sufrir infeccióis, qu'as veces podían revestir gravedá si entraban á cabeza da vaca, producíndoyes síntomas neurolóxicos. Era entós condo dicían qu'úa vaca taba «*lola*». Benito del Petego, antigo tratante veigueño de gado esplicábalo así.

Úa vez tuven un boi qu'andaba al redor, como condo as vacas que dicían que taban lolas, y algúa vez cayía y tardaba máis d'úa hora en erguerse. Y vin aquí a Corredoira a ver a Venancio, qu'era albeitre, y díxome que era d'un solazo. Os bois taban nel monte y era verao y fía muito sol. Dixo él: el boi, chegas a casa y envólvese un trapo conto máis brando, que máis chupe, miyor; y amárrasyo ben, que ten cornos pra eso. Y bótasye vinagre coa botella y nun tratades de ferye erguerse, deixallo tar. Y tardóu us días, pero despós deu en intentar a erguerse y agarramos pollos cornos y axudámosye algo y erguéuse el boi y sanóu.

Sergio del Carteiro, de Candosa (Castropol) fala d'esta mesma patoloxía con un nome diferente.

As vacas tamén tían aquilo da «mazmorra», poñíanse as vacas malísimas, dicían que taban lolas. Empezaban a cayer pra un llado y a cayer pral outro y nun aguantaban a cabeza. Taban lolas, taban mariadas. Entós pillaban un barreno, un tarabeyo, y furábanyes el corno pr'hacia a reiz pra que sangrase. Y desque sangraba un pedazo, despós furábanye el outro y despós aplomaba a vaca. Condo menos érache a cetona porque fain precisamente esa maniobra. Poinse tollas del todo. Aquí tuvéramos úa que pasaba todo el día fendo que comía y que bebía; y era mentira. Y ¿qué era? Que tía úa cantidá da cetona terrible y poñíase así.

Venancio da Corredoira, compositor y albeitre nacido en Porzún (A Veiga), subido na bestia coa qu'iba de pobo en pobo atendendo gado. Nacido en 1876, é un dos máis antigos dos que se puido recoyer información.



Pepe de Parada Nova, de Penafonte (Grandas) explicou con detalle outra enfermédá grave qu'atacaba ás vacas na cabeza.

Outro mal que ye chamaban el «cabezón», qu'acumúlase a sangre toda nel pescozo y el peto, nel llibro dice que morre el 99%... y eu acórdome de curar dous. Úa vaca en Silvallá y un boi en Monteserín. Quedaban cegas, cos oyoos brancos, y enherbábanlas aquí na badana con úa herba, feita en cuña, cortabas pra qu'a badana fixese sito entre as dúas peleyas, botábase pimento picante y formento del pan. Aquello empezaba a tirar, fíxate ben, aquello poñíase como úa fogaza de pan de grande. Tiraba el mal pr'allí. Pingaba, corría, ¡coño! Y quedaba furada pra sempre, y curaba. Era cua pranta que ye chaman herba del toque, haila nos castañeirales, ten un penacho de flores y as foyas como a llingua d'úa pita. Hai que conocella. Enherbábanla con ella y despós tirábanye cinza caliente porriba dos riñóis, fervendo. Fervían cinza en augua y tiraban el augua fervendo porriba da vaca, porque eso por unde queimaba, tiraba augua, sacaba el mal por allí tamén.

Había que revisar tamén el estado da peleya entre os cornos, pos daba idea de lo trabayado que taba el animal. Úa vaca que trabayase muito col xugo y con muita carga solía ir perdendo pelo y mostrando feridas qu'á llarga impediría poñerye el xugo y trabayar con ella. Dicíase entós que taban «escalabradas» y daba a entender qu'a vaca fora mui castigada. Xa nun apetecía compralla.

A BOCA

Mirar dentro da boca del gado vacuno era indispensable. Pra que nun mordesen colocábase entre os dentes a «traba de torga», a mesma que s'usaba pra desenteporar el gorgoleiro. Así podía esaminarse as palas sin peligro ningún y determinar a edá da res. Recordemos que nun fai tantos anos as vacas nun tían carta nin ningún outro documento qu'acreditase a fecha de nacemento y nun esqueizamos qu'el vendedor iba llevar á feria a vaca lo máis presentable posible, tratando de qu'aparentase máis nova de lo qu'era. Rasquetábala ben, cortábaye el pelo sobrante al rabo, llavábala ben pra dar miyor imaxe. Pra saber os anos que tía a vaca había que guiarse pollos dentes. Antonio de Campillo, de Santalla d'Ozcos, recorda el método del rexistrador del poblo, Balbino de Lombán, pra saber si úa vaca era nova ou veyá.

Traba da torga conservada por Lilo de Villar (El Franco). Usábase pra sacar patacas ou nabos que quedaban al gado enteporaos nel gorgoleiro. Poñíase atravesada na boca da vaca pra que nun mordese y metíase a mao a través del furaco.



Balbino de Lombán era rexistrador. Dígoche eu qu'ás vacas mirábalas ben. Iba apalpando nellas, mirábayes as costellas, os tetos, os dentes, todo. Miraba si taban de cuatro palas, de seis, si taban zarradas, todo. Igual había vacas que nun zarraban del todo y podían dar lugar a equivocación. A os seis anos xa tein seis palas, tan zarradas del todo. Però si nun igualaban podían venderche úa vaca d'oito anos como si tuvera seis.

A vaca primeiro ten os mamóis, qu'é como se yes chama a os dentes de lleite, dentíos pequenos. Despós tira os dous mamóis del medio y sálénye dúas palás delante. Al cumprir os dous anos tein xa as dúas palas. Despós, con cuatro anos sálényes outras dúas, xa tein cuatro palas. A os seis anos salen outras dúas palas, úa a cada llado, entós xa tein seis palas. Y a os oito anos zarran, salen as últimas dúas palas y así quedan con oito palas. Y desque tan zarradas xa nun se compran pollos dentes.

Desque taban zarradas coas oito palas, al redor dos oito anos, a única forma de saber el tempo que tía a vaca era contar os aros que van salindo nel corno. Desque zarran sale el primeiro, xusto na reiz del corno, y a partir d'ei sale un aniy cada ano. Contando os aros del corno sabían a edá del animal.

Otro problema frecuente coa dentadura era condo yes nacía algúa mola atravesada, que nun medraba a dereto pra riba. Esto solía dar problemas de masticación al rumiar y feridas por dentro del papo da vaca, tan dolorosas qu'algúa paraba de comer. Esas vacas eran descartadas pral trato inmediatamente.



Ferramenta pr'abrir a boca dos caballos atopada na Espía de Paramios (A Veiga). Era propiedá d'Alejandro del Cabo, antigo albeitre d'este conceyo, y taba feita de ferro con un mango de madeira pra qu'as bestias nun pechasen os dentes al andaryes dentro da boca.

Aparte de dentes y molas, dentro da boca tamén convía revisar a llingua del animal. Tanto al gado caballar como al vacuno poden saliryes feridas na llingua que yes impiden comer con normalidá. En voz de Sergio de Candosa a «melga», como se ye chama por allí, queda así ben clara.

A melga que yes sale ás vacas y a os burros son feridas, cortaduras, que yes salen na llingua. Eso curábaseyes con sal, vinagre y mel. Botábaseyes nesas feridas. Os caballos tein a llingua que si yes la agarras forte cos didos, pártesyela. Y sin embargo comen espías y nun se pican. Y as vacas tein a llingua qu'unque tires d'ella que salga toda nun yes pasa nada. Y a llingua dos burros como la apretes algo forte igual yes cuartía y rompe.

Milín del Llao, d'Anlleo (Navia) antigo ganadeiro con muito coñecemento del gado, fala d'outra enfermédá distinta.

Coa «coriza» poñíaseyes a boca toda colorada por dentro que metía medo. Muito era porque llevaban as vacas a Pola Siero a venderse y tíanlas a lo miyor dous ou tres días sin mecer y, claro, taban tirando lleite pollos cuatro tetos y enfermaban. Curábanlas llavándoyes a boca con augua y sal... nun m'acordo ben, y volvendo a mecellas, claro. Aquello era por nun mecellas.

Aurora de Gayol cunta sobre sou bolo Rosendo, albeitre famoso de Medal (Cuaña), el xeito de curar lo que se conocía como «papeira».

Condo tían a papeira, por exemplo nel inverno condo vía a primaveira os xatíos y xatías novas (as novillas máis ben) col sangue dicían que yes salían. Eso pasábayes al cambiar el sangre. A papeira era tremenda, que casi s'afogaban, porque yes salían al llado debaxo del pescozo y tía que raxallas senón podían morrer. Raxaba con úa navayía que tía y deixábalas allí salindo el pus, salía a montón... y nun yes daba máis nada.

Outra afección que yes daba na llingua era a conocida «solengua», que la curaba Antonio del Seixo, de Salgueiras (Vilanova d'Ozcos), home mui entendido en melecías pral gado, según recordaba súa muyer Pilar.

Tamén quitaba a solengua, que yes hinchaban os oyo y nun comían y tein por atrás que meteryes a mao y quitaryes tres vexigas que yes nacían nel cul por dentro. Metía a mao y polla parte de riba tían tres bóchigas que se yes rascaban pr'atrás cua mao y fíanse sangre. Ás vacas si yes estoupan esas vexigas dentro y yes pasa prá barriga, morren. Picábalas na llingua lo qu'aquí ye chamamos el «escarabajo negro» y dábayes a solengua.

Maruja de Sacristán, de Vilanova d'Ozcos, falóu con todo detalle del mal de «la rana», causado por un esgarabeyo que pica ás vacas na llingua, ou por tragallo tamén, y que yes provoca hinchazón de focico, llingua y natura.

Eso é lo que falábamós antias de «la rana». A vaca come un bicho, úa paparacha así moura, pequena, y a vaca condo eso pos hincha. Despós hai qu'espetalla na nariz, dentro, con úa espeta d'uz pra que sangre. Méteseye polla boca pr'abaxo un puñado de sal tamén y dicir úas palabras. Hai que nombrar á vaca según el nome que teña a vaca.

A vaca (fulana) comió la rana,
 daye con ruda, daye con sal,
 daye con augua de fonte pernal.
 Bótala al campo pacer,
 que si Dios quer,
 d'este mal non ha de morrer.

Hai que dicillo úas contás veces, espetalla y sóltasla al campo y xata curada.

Ben aparecido é lo que cunta Edelmira de Casa Bras, de Valdedo (Villayón).

Aquí había un bicho que ye chamaban a rana que si picaba á vaca, a vaca morría. Dician que yes daba el mal de la rana. Pr'aquel llado d'allí chámanye el «mal de la rabia», pero é lo mesmo. É un bichín mouro qu'en vez de saliva solta como si fora sangre. Háilo pollos prados, nun é fácil de ver. É como si fora un esgarabeyo mouro, pequeno y en cada sito chámanye d'un xeito, pero ser é el mesmo bicho. É mouro y ten cuatro patas rubias y bota saliva como si fora sangre. Despósponse coas patas pr'arriba y morre. Y pra saber si era ése, cuspíase porriba y empezaba a botar sangre y poñíase patas p'arriba y morría. Y así sabías qu'era ese.

Nun se deixaba sin mirar el paso que tuvese el animal al tragar. Si tían pouco calibre na gorxa solían atrancar condo trataban de comer patacas ou nabos algo grandes. Era lo que se conocía como «enteporarse» ou «torgarse». Apretábanlas na gorxa tamén, a ver cómo funcionaban, a ver si fían acto de tragar. Miraban tamén que nun tuvesen bultos por dentro, que tuvesen bon paso. Si esos bultos yes dá por medrar pode ser algo malo, medran pra dentro y taponan el paso.

AS GLÁNDULAS

Rexistraban tamén as glándulas das vacas en busca de patoloxía infecciosa. El mencionao Cibrán de San Xuan de Moldes (Castropol) espresábase nestos términos.

As glándulas d'alantre son us ganglios que llevan delante entre el llacón y el pecho. Y si, porque ás veces había animales que los tían máis desenvolvidos de lo normal y nun pasaba nada. Algúas veces d'un llado y outras taban dos dous. Algús vivían toda a vida así sin problemas, pero nun daban búa espía, podían indicar que taban del pulmón. A naide ye gustaba comprar aquello. Tamén aquí atrás, na braga, un pouco pra riba, tamén las poden ter hinchadas y lo mesmo, poden ser por tema de tuberculosis ou cousas así y claro, rechazábanse nel trato, naide las quería.

EL CORPO DEL ANIMAL

Lo normal si se compraba un animal de tiro era buscallo de xeito que fose da mesma talla aproximadamente qu'a parexa qu'iba ter. Tían que ser

lo máis premediados posible. Tampouco tía sentido compralla desproporcionada pral tamaño del xugo ou del carro, os cuales casi sempre taban en consonancia col tamaño da porta da corte ou dos camíos por unde tía que circular. Quen máis y quen menos tamén rechazaba animales «repelóis» y fraques, síntoma de que taban enfermos, mal alimentados, ou as dúas cousas. En cambio, úa vaca ou un boi col pelo fino, llimpio y brillante era señal de todo lo contrario.

Domingo de Castaedo (Villayón), tratante retirado, explica a súa experiencia coas vacas valorando, neste caso, a disposición da columna vertebral.

El espiazo tamén se rexistraba. Úa vaca «pandía» arquiaba muito el llombo, tía el cul recachado y a barriga abombada. Úa res que pandiase muito nun gustaba a naide. Arquían a columna y asoman muito a panza. Nun é nada malo pero nun fai un animal guapo. Paren igual y andan igual, nun yes pasa nada, pero nun se venden ben.

As hernias del embellido era interesante detectallas. Si eran pequenas nun solían dar problemas, pero algúas daban en ferse máis grandes y el animal quedaba dañado. Cuntan el caso de Laureano del Torneiro, rexistrador de muito renome en Valdepareas (El Franco), y de cómo entendía a lesión.

El Torneiro de Valdepareas úa vez curárame un can que nacera herniado. Y outra vez pasáraye a un caballo, é máis ou menos lo mesmo, pero nos caballos ese problema chámase el «contrarroto», pero ven a ser a mesma cousa. El embellido hincha pra fora como úa banda al llargo da barriga. Bon, os veyos chamábanye así: el contrarroto. Y dixo él:

—Ta mui gordo. Si tuvera máis fraque tía máis posibilidades de curar, pero así é complicado. Vamos fer a proba y mirar d'amañallo, pero si teis a quen llargallo, llárgalo.

—Desfixenme d'él y sei que tuvo por Galicia y andaba d'andadura que metía medo. Inda duróu muitos anos.

Aparte d'estas consideracións básicas, el rexistrador miraba a constitución da vaca ou del boi pra evitar problemas futuros tratando de descartar

estas características Primeiro de todo que nun tuvese as mazás desigualladas. As mazás son os ósos que fain a cruz dos cadriles. Eso era lo que chamaban «esmanzarse» úa vaca, que se yes fundía ese óso que ten enriba da cadrileira. Era úa fractura y condo soldaba, quedaban un pouco de llado, andaban torcidas. Si a fractura afectaba ás articulacióis da cadrileira, dicían que taba «escadrilada».

Tamén apalpaban os tendóis que actúan nel movemento dos cadriles por si tían algúa patoloxía. Casablanca, albeitre de Candosa (Castropol) era esperto nel tema.

Diciase que se poñían «esfiladas» y eso era que se yes desmontaba el nervio d'aquí enriba da cadrileira hasta as llazadas d'atrás, lo que ye chamamos corvexón. Pos ese nervio sáltaye porriba da xógara esta dos cadriles, pónseyes a pata tesa condo van andando y tein qu'ir con ella d'arrastró. Pos eso, pr'amañallo, cortábanyes el filo, el nervio ese. Cortaban ese tendón y sacábanyo pra fora.


Ramón del Redondo, de Vilavedelle (Castropol) recorda cómo Carzana, antiguo compostor de Restrepo (A Veiga) y'enseñóu a sou padre Basilio a volver al sito as mazás.

Entoncias Carzana miraba y decía: «Xa sei, xa sei lo que ten». Nun sei, aquel home tía un arte del demonio. Entós metíayes un palo entre as patas, había qu'amarrar duro, y fíayes forzar a pata contra el outra hasta igualar. Ataba úa corda porriba del casco da pata coxa y tiraba cruzando contra el outra. Col palo llargo fía palanca pra encaxar a cadera. Y quedaban andando.

Moisés da Casanova fala d'un problema importante qu'había qu'observar na cola del animal.

El rabo tamén se miraba. Podía tar torcido nel pico, podía tar roto, lo que yes chamaban tar «espombeladas», y quedaban torcidas da cola pra un llado. Podían rompello col carro si se yes botaba enriba núa baxada ou porque se yes montaba outra vaca condo andan al boi. Y despós nun erguían el rabo pra cagar siquiera, ¡nun podían! Quedábayes baldado y sempre andaban sucias de bulla porque cagaban por sí.

Carzana, compostor y albeitre de Restrepo (A Veiga), foi el máis conocido en toda a comarca occidental asturiana y da vecía Galicia, desempeñando el oficio hasta que morreu en 2008.



A os llados del corpo podían ter «novaniyos», us bultos de carácter benigno que quitaban valor al animal. Nun eran nada malo, pero afeaban el conxunto y había compradores que nun lo querían. Eran us bultos como aveyanas del llado del pescozo, nun era nada malo, pero tían aquello. Nel trato sempre había úa diferencia de cuartos y os compradores querían rebaxar precio por cualquier defecto qu'houbese. Outros, en cambio, nun reparaban en tales cousas pero aprovetaban pra comprar barato, qu'era lo que máis querían. Na zona de Samartín d'Ozcos dábaseyes el nome de «clavos pasantes».

Manuel de Fonso, de Rozadas (Bual), reconocido compostor y albeitre de mediados del siglo XX tía fama de meticuloso al hora d'esaminar ás vacas, tanto que las auscultaba en busca de patoloxía respiratoria y dixestiva. El auscultar era a través de poñer el ouguido enriba del costellar da vaca, sin ningún aparato, que d'aquella nun lo tían. El único del que se ten noticia de que tuvese instrumental foi el Abeyón de Serantes (Tapia de Casariego), que lo fía con un rudimentario estetoscopio, qu'inda se conserva na casa patrucia

Apalpando y arrimando el ouguido tamén se podía detectar si a vaca taba rumiando ou si tía parada a dixestión. Si nun había murmullo nin vibración lo máis probable é que tuviera empachada. Pacho Bernaldón, dos Piñeiros (Valdés) tratábalas con semilla de llin que se compraba na botica, cocida en augua hasta que quedaba núa pasta como si fora clara d'ovo, algo

máis amarronada. Dábayela con úa botella, formaba úa pasta nel estómago y a vaca botaba a rumiar.

Antonio Arias, de Folgueiras (A Veiga) menciona un dato interesante que suma calidá al rexistro.

Condo dicían que taban del pulmón, sería tuberculosis ou eso, víaseyes úa franxa de pelo fundido por debaixo dos hombros, dicían que taban *afajadas*. El pelo quedaba aplastado xusto detrás das paletiyas.

A sensibilidadá na palpación era tal qu'albeitres como Ramón das Sellas y José Antonio de Llourenza, os dous del conceyo del Franco, detectaban a mao el preñado das vacas a partir del cuarto mes de xestación, poñendo palma con cuidado nel vacío dereto da vaca en busca del movemento da cría dentro da matriz.

Al rexistrar tamén yes miraba as costellas. Iba apretándoyas coas maos, por si tía algúa dañada. As vacas pol llado ezquerdo tein miyor as costellas, y pol outro llado non tanto. Tamén hai que mencionar úa característica que presentan algúas reses que yes fain perder precio y que yes fai recibir el nome de vacas «de media costella». Ás que son de media costella, que yes falta a mitá d'úa costella, nun tein problema ningún, pero nun pinta ben a vaca, nun é tan guapa. Pasaba lo mesmo coas que son pandías, recachaban el espiazo y abultaban a barriga, nun eran guapas. Y dicían que comían máis qu'as outras, así que...máis gasto.

Sergio de Candosa tamén detalla os defectos da cola del animal, defectos que son máis ben estéticos pero que tamén tein un carácter disfuncional. Condo úa vaca ou un boi fracturan as vértebras da cola na fala del occidente dáseye a denominación de «tar espalombada» y así lo cuntóu.

Eso era lo que ye chamaban úa vaca espalombada. ¿Y sabes con lo que s'espalombaban muitas vacas? Espalombada era condo taban fundidas da croca, de ter dado un golpe y romper úa vértebra na reiz del rabo y quedábayes inútil. Condo quedaban espalombadas nun erguían el rabo pra cagar siquera, ¡nun podían! Quedábayes baldado y sempre andaban sucias de bulla porque cagaban por sí.

Tamén era grave condo s'henchían de bóchigas de gas porriba del lombo, pos muitas veces era indicativo de padecer el «carbunco», enfermidade bacteriana mui contaxiosa. Francisco del Camín, de Rozadas (Bual) fala así d'ella.

Por exemplo, el carbunco, que lo había sintomático y había el carbunco ás tripas. Si yes daba ás tripas nun había nada que fer, morrían. Agora el sintomático algúa vez que se yes poñían bultos pol chao del lombo, tumores por un llado y por outro, solía raxallos, daryes úa puñalada allí y algúas veces curaban.

Había un detalle que naide pasaba por alto y nun era outro qu'un trembor benigno, sin importancia ningúa, qu'algúas veces ye daba al gado vacuno pol lombo ou os llacóis. Chamábanye el «tero» y era motivo abondo pra ter que baxar precio nel trato. Quen sabe si por fiebre leve ou simplemente un reflexo d'espantar ás moscas, el caso é que podía fastidiar a venta. Nun debe en ningún caso confundirse col mal del «telo», qu'era como se ye chamaba nalgús sitios condo úa res hinchaba da panza, que dicían que taba entelada.

PATAS Y PÉS

Era mui importante al comprar úa vaca ou un boi feryes andar un pouco antias de pechar el trato, a ver cómo se moven, cómo dan as patas y cómo pisan coas pezuñas. Descubrir fallos antias de cerrar el trato poden aforrar muitos disgustos al chegar á casa. Fernando de Rego daba varias pistas de lo q'había qu'evitar.

El «recalcón» é xeneralmente nel cartílago, a lo miyor nel primeiro momento encuyen y nun pasa nada, pero despós sigue molendo aquello allí y hai que buscar el pus, que botan pus, ás veces profundo. Acostumbrábase a calentar aceite con ayo, un dente, ben caliente, y desque volabas nel furaco botábase aquello. Dolíayes abondo, pero era así.

Ás veces había tamén «enclavaduras», eran máis raras, pero había. Clavaban daqué nun pé, úa pedra, un clavo, un alambre ou cualquier cousa. Antías había muitos caballos y andaban a base de ferraduras y perdían clavos y claro... Pos as enclavaduras tratábanse igual qu'el recalcón, había que sacar el

clavo y despós buscarye el sito y llimpar ben hasta chegar al vivo... y despós el aceite con ayo, claro.

A revisión das maos y os pés del animal era de carácter obligatorio si nun querías verte con úa coxeira inesperada al pouco de comprallo. Manuel del Couz destaca a importancia de observar a presencia de problemas entre as pezuñas del gado. Conocíase como «arizo» el hinchazón entre os cascós dos xatíos y sou bolo Saturno tratábalo con úa raza de cardo chamada «cardenillo blanco» machacado con toucín llardo (toucín que nun lleve carne), en fresco.

Era mui valorado el gado coas pezuñas cuidadas, nin mui chas nin mui apuntadas pr'alantre. Sobra dicir que se rechazaban as que tían as uñas llargas pos denotaban un amo desdeixado, defecto que ben sei se y'iba notar en máis cousas al animal. Sergio de Candosa inda vai máis alló. Analiza con agayo a forma de pisar as pezuñas nel tarrén y el valor que se ye daba a un animal qu'apoya con equilibrio.

Tamén las había qu'eran «copías», que tían úa uña un pouco máis aplomada qu'el outra. Naide las quería porque despós coxiaban. Quedábayes úa uña un pouco máis corta qu'el outra, y úa quedaba recta pr'abaxo y el outra pr'alantre. Despós nun eran quen a andar ben. As vacas qu'eran copías chegaban a coxiar condo trabayaban. Fían muita forza y como nun afincaban as dúas uñas a un tempo pos sempre cargaban máis núa qu'outra y fianse daño, claro. Eso é un problema de nacemento del animal, médraye el casco así.

Había outro xeito d'andar que dicían que se «cortaban». Eso era nos pés d'atrás, que pisaban con un pé nel llado de dentro del outro pezuño y chegaban a sangrar. Y pra vendellas, pra que nun se yes vise aquello, untábanyes de bulla a ferida aquella que se fía de tar col outro pé pisando. Despós acababa descubriéndose, pero desque taba vendida xa nun tía volta.

Había vacas que tían úa pata «resga», eso era que tían úa pata d'atrás que s'abría al andar y claro, esas nun valían pr'arrendar el meiz nin as patacas porque pisaban a pranta.

José Amor, albeitre de Vinxói (A Veiga) falaba del «llargatón» dentro das patoloxías dos pés del gado. As pezuñas podían tar escondendo as máis variadas enfermidades y úa d'ellas era el llargatón, úa inflamación entre as

dúas pezuñas das vacas. A solución que dictaba Amor era moler pedra lipe y mezclalla con pingo ou unto de cocho. Untaba onde taba hinchado y despós vendaba porriba. Botaba úa búa capa d'unto con pedra lipe y ás veces fía úa bolsa de tela que s'enchía d'esta pasta y metíala envolvendo el casco, así quedaba untado por todos llados. Zarraba con un cordón y andaba a vaca con eso posto.

Condo iba criando carne viciosa entre as uñas el mal recibía el nome de «podero». El tratamento era idéntico al del llagartón. Ademáis había outra patoloxía parecida que ye chamaban «vexigas» y que la describe así Domingo de Graña, de Paramios (A Veiga).

As «vexigas» son úas bóchigas que se yes forman nas maos de delante y d'atrás, allí encima da xunta que tein enriba dos cascos. Ponse hinchada, abondo grandes, de riba a abaxo allargado como un dido de grande, como el pulgar máis ou menos.

Os cascos había que mirallos ben por abaxo, pol chao das uñas, qu'as veces podían ter úa infección que los iba comendo pouco a pouco. Belarmino Carbajales, de Valdedo (Villayón), era entendido en curar esta afección conocida nel occidente como «fornigo».

Algúa vaca que véu ver si cuadra taba coxa y mirábayes os cascos por debaxo y recortiaban el fornigo. Muitas veces nel casco tían úa cousa que ye chamaban fornigo, íbayes comendo el casco por baxo. É como si s'esfaraguyase el casco. Entós con un eslabón de ferro que tía, cortaba ben el casco, poñíalo ben liso y despós el sulfato pra curar. Botábayes sulfato de cobre derretido allí pra que ye curase aquello. Fíayelo dous ou tres días y curaban.

Tamén había vacas que tían el «mal da cambia», que pollas señas que dan os ganadeiros ven a ser úa cambia ou un dolor muscular forte que ye dá a vaca de supetón y ye fai coxiar. Nel rexistro é casi imposible de detectar porque é un problema que se yes quita solo y volve condo quer. A nun ser que ye dé a cambia en pleno trato, lo máis fácil é que se lleve prá casa un animal col defecto.

EL REMOYO

A importancia da salú del remoyo y os tetos da vaca quedan fora de toda duda pos ei taba a salvación del xatín al mamar, y a ganancia del ganadeiro despós. Al hora de comprar era indispensable fer úa valoración minuciosa de todo el remoyo, que nun lo tuvese descolgado, apalpando con cuidado cada cuarterón, buscando durezas, entumecimento, ou cualquier signo de anomalía al mecer a vaca. Si nun dá lleite, si dá lleite ensangrentada, si sale lleite purulenta, ou simplemente se volve úa vaca patadiega nada máis tirarye del teto, el trato por lo xeneral quedaba roto. Inda dá máis detalles Sergio de Candosa, ganadeiro castropolense.

As vacas que daban muito lleite, desque s'empezaron a fer estas cortes qu'hai agora pos al erguerse algúas encetaban un teto. Algúa al fer forza pra erguerse, pisaba un teto y cortaban a punta del teto, condo nun lo arrancaban polla mitá. Empezaban a botar lleite y sempre todo xunto que metía medo. Y nun tía remedio ningún, quedaban sin teto.

Si el teto da vaca quedaba inutilizado pra dar lleite, na fala del occidente recibe el apelativo de «recayo». Era mui importante detectar úa vaca recayada porque daba menos lleite y nun era rentable.

Había vacas que tían tumoracióis pol remoyo y os tetos, coloquialmente conocidas como «figas» ou «figueiras». Había quen nun las quería, nun entraban al trato, pero había xente que las sacaba a mui bon precio a causa d'ese defecto y despós sabía quitáryelas, quedando a vaca como nova. Pepe del Crego, rexistrador y tratante d'Aguamaroza (Villayón), cuntaba úa esperiencia das tantas que tuvo.

Úa vez fai anos mandéi eu al fiyo a Sama comprar tres becerras y dinye cuartos. Nun sei porqué, tardóu us días en vir y foi a Noreña y había allí úa becerra que tía figas. Xa parira úa vez, taba fraque, y llevábanla matar porque taba perdida de figas. Eu teño as pedras que las curan, téñolas allí nun furaco na corte y lo mesmo dá que lo faga eu qu'outro cualquiera. Enseñéi a muitos y fáinlo ellos y vale igual. Nun hai diferencia, lo que conta é a pedra. Hai qu'erguerse polla mañá, ir prá corte, coyer as pedras, tein que ser nove, y basta que las pases por úa figa, nun fai falta andallas todas. Pillas úa figa, pásasye a pedra porriba y dices «Piedra sí, figa no» y tiras a

El Crego, rexistrador d'Auguamaroza (Villayón), coa súa familia. Foi un dos últimos homes en activo pollas ferias del occidente d'Asturias y puido ferse úa búa entrevista con él en Xixón, unde vivía a última hora.



pedra al tarrén. Coyes outra pedra y repites. Pásasla polla figa y dices as palabras. Así hasta nove veces. Vale a mesma pedra pra toda a vaca. Coyes as nove pedras, guárdaslas y al outro día repites. ¡Y nun yes volven salir as figas máis nunca!

En Invernigo (Valdés) el ritual melecieiro era mui similar, aunque cambiaban as palabras máxicas pra quitar as verrugas que salen a os xatos nos coyóis y ás vacas nel remoyo. El conxuro que se recoyóu dice así:

Figuera en sangre,
 figuera en carne,
 figuera en cuero,
 figuera en suelo.

Fernando de Rego tamén exploraba el remoyo das vacas y tiraba dos tetos a ver si se mecían con facilidá. Atopar un cuarterón duro, inflamado y dolorido al sacarye el lleite era casi sempre signo de mamitis na vaca y, casi sempre, disculpa pra nun compralla.

Entoncias, si perdían un teto nun pasaba nada, seguían valindo igual... Y si pañaban mamitis el remedio era todo a base de unto y sulfato de cobre. El unto

xeneralmente podía ser un cacho d'untaza sin salar ou a envoltura das tripas, a grasa que tein as tripas. Por exemplo, aparecía úa vaca con un teto hinchado y empezaban a masaxearye con unto hasta qu'iba ablandando. Sacábasye todo lo que podías y si lo salvabas, pos ben... Si andabas a tempo casi sempre lo salvabas. Mirabas de vaciarye ben el teto, sacarye a infección y todos os trapaxos de pus que tuvese dentro. El unto col calor da inflamación iba ablandando y derretíndose.

Moisés da Casanova, de Castaedo (Villayón), fala así das vacas que perden un teto.

Y lo dos tetos había que mirallo muito; podían tar «mancas» d'un teto... ¡jou de dous!. Si taban mancadas d'ese teto nun daban lleite. Podía ser por mamitis, por picaduras de moscas etc... Das moscas casi sempre era a culpa. Picábanyes nel cañoto del teto, metíanyes a infección, y xa nun daban lleite. Vaca que quedase manca nun volvía dar lleite. Eso al rexistrar sabíaslo palpando el remoyo por fora. Pasas a mao y palpas un nervio duro por dentro. Si ta manca, ponse un nervio gordo y duro. É lo que se chama un «recayo». Pode ser por mamitis pero hai mamitis que son bus y curan y hai outros que queda a vaca mal pra sempre.

Milín del Llao, d'Anlleo (Navia) describe outra patoloxía qu'afectaba al remoyo y os tetos das vacas.

Tamén había a «viruliya», que yes salían vexigas pol remoyo todo y pollos tetos. Eu coyínla, aquello era mui coyedizo, y tuveran que raxarme. Fora d'aquella qu'empezaba a Seguridá Social y querían cobrarme por atenderme, pero dicíanme nel Sindicato que nun fora burro, que polla Seguridá Social nun había que pagar. Y así foi, qu'iba fer a cura y funme sin pagar. Deixéilo así y nun yes paguéi. El día del alta díxeny que nun se m'amañaba... ¡y hasta hoi!

Pr'acabar nun se quixera deixar sin citar el chamadeiro romedio que tía Manuel del Coxo, de Llendelforno (Villayón), pra condo úa vaca cayía por falta de calcio despós de parir. É ben sabido qu'hoi aplícanse sueros con calcio en vena á vaca pra que recupere, pero antias d'eso houbo que discurrir.

Lo que máis ye teño escuitado era lo del tema qu'agora ye chaman descalcificación das vacas, pero él conócíalo d'outro xeito. Él chamábaye «el

cabezón». Condo eso, as vacas taban tiradas, empezaban a soltar baba y él vía y metíayes aire nel remoyo. Tía como úa pera que la poñía nel caño del teto, inflaba ben, amarrábalo con úa cinta. Iba así teto por teto, repasando d'un cuarto al outro cuarto, a os cuatro. En cuestión de media hora, úa hora a todo máis, a vaca empezaba a ter arroitos y en conto empezaba a eso, a vaca erguíase y eso... Ás veces nun bastaba con fello úa vez y tían que repetir d'allí a úa hora, però a vaca erguíase.

A NATURA Y EL CUL

Mirábase con muito agayo el que nun tuvese defectos na natura. Si se vía que tuvese cicatrices d'haberye dado puntos de sutura había que sospechar qu'aquella vaca tuvera «esmadronada», que se ye saliran algúa vez as madres al parir, y tuvera tendencia a esmadruarse outra vez. Eso xa la descartaba na compra. Tamén daba mala impresión el veryes botar llimos marellentos.

Era interesante tamén observar cómo mexaba y si el mexo era de color diferente a lo acostumbrado. Señal d'alarma era si salía teñido de sangre pos indicaba algún tipo d'infección ou enfermédá del aparato escretor. El máis nomado entre todos os entrevistados é a «sangüeira», y tratábase dando á vaca úa pranta que ye chaman sanguinaria, chamadeira por ter el tallo colorado.

Nun interesaba tampouco comprar novillas «machorras», qu'é como se conocen na fala as que nun empreñan. Sea por esterilidadá, sea por alimentación, ou quizabes por abandono, condo se presentaba úa novilla que se ye pasaba el tempo de tar preñada y nun había razón, a desconfianza del comprador era tal que casi sempre quedaban de cote. Ademáis, as noticias corrían como el vento y si había sospecha d'algúa hembra machorra, enseguida se sabía.

Tamén era obligatorio mirar cómo cagaban, sobre todo nos xatíos, porque si tían descomposición daban en nun medrar y ter todo tipo d'enfermedades hasta morrer. Si al miraryes el cultían as cachas xaperdendo pelo era señal de que padecían de «cagarria».

CABALLOS, MULAS Y BURROS

El rexistro dos animales d'este xénero nun dista muito de todo lo escrito antias prás vacas y os bois. Por eso, col fin de darye outro aire al testo y fello un pouco máis ameno, aparecen aquí os detalles del esáme de salú del animal clasificados según el rexistrador que los llevaba a cabo. Aparecen todos ellos col nome col que se yes conoce na comarca. Dado qu'en caballos había auténticos especialistas y polla relevancia que tían estos animales na vida rural d'antano, merecen mención aparte neste estudio.

Na comarca máis occidental d'Asturias estos homes recibían el nome de bestieiros, en referencia á palabra bestia, qué como se ye chama a caballos, yeguas, mulas y machos. Os máis destacados dos que se puido recoyer información son todos os que s'enumeran aquí. A xente que falóu d'ellos, máis os tres que se poderon entrevistar en persona, deixan manifesto el gran conocemento que tein del gado, úa sabiduría tresmitida oralmente de xeneración en xeneración, y que vai esposta aquí tal cual foi recoyida.

Valentín de Fernandón, de Ponticella (Villayón):

Miraba bultos que salían pollas patas, por dentro da peleya, que normalmente tán soltos y nun tein importancia; pero si taban agarrados sí yes daba importancia. Eso valía máis que nada pra quitar cuartos nel trato, ¿sabes? Ei trataban el bicho y si tía defectos había que quitar nel precio. Ei era unde taba a picaresca.

Esos trapichantes qu'andaban mirando nel gado pos fian cuartos. Condo tían un defecto así pos dicíanye al amo «pos ten esto, si lo dou de paso, tanto pra min». Y el paisano, si tía ganas de vender a res, pos tía que tragar. Y outras veces al rovés, el que pagaba pra que sacase defectos era el comprador. Dicí «bon, este animal ten este defecto, nun é grave pero teis que quitarye tanto». Fían un trato y dábanse a mao, y el trato taba feito. ¡Y xa podías dicir despós que non, que matábante! Antias era así. Hoi, a palabra, nada... inda con papel y todo, ás veces nun chega.

Manolín d'Alvas, de Xío (Eilao)

Amañara un macho a un vecín. Éramos chavalucos y el macho tamén llevaba muito tempo coxo d'úa pata y nosotros queríamos ir á festa a Zadamoño. Claro, había que buscar úa disculpa pra que nos deixaran ir y acordamos en ir a Xío a

llevar el macho del vecín pr'aproveitar a festa. El macho tía úa pata d'atrás, por abaxo, coa «raniya» sacada del sito nun séi qué ye pasara que la retorcera y quedáraye mal. Andaba, mal pero andaba, y desde que llevaba un cacho andando, que calentaba, casi nun se ye notaba. Però condo paraba y enfríaba, pra volver andar, casi nun afincaba. Trabayaban con él y todo, pero tía el problema aquel que nun ye pasaba, dolíayе muito.

Leiras, de Bustelo (A Veiga)

Falaban tamén d'outro paisano d'ei de Bustelo que de caballos entendía muito, que primeiro ye meterán muitas trampas pero a base de trampas aprendeu de tal xeito que despós xa nun pasaba ningúa. Dicían que pra rexistrar un caballo era el miyor, chamábanlo a él sempre.

Laureano de Pileya, de Llendigresia (Bual)

As coxeiras tamén las detectaba, al tacto, iba tocando todas as articulacióis del caballo úa por úa. ¿Por qué? Porque poden ter edemas nas articulacióis, igual que nosoutros. Entós por exemplo poden ter nos corbexóis, como nel hueco que queda unde fai el juego. Si había humor nese juego, él mirábalo. Y despós lo mesmo nel menudiyo, embaxo, xusto porriba del casco, na cuartiya. Miraba eso nas patas d'alantrе y nas de detrás. Si taban ben, al tirar da peleya taba solta, pero si había humor a peleya queda pegada, y é lo que ye chamaban el «agrión».

Tamén miraba si taban «picados», qu'era así como ye chamaban a os caballos que tían enfisema pulmonar. Apretábayes a tráquea y esperábayes un momento. Entós el caballo aguanta respirando normalmente y coye y tuse. A continuación refunga pola nariz. Però si tein enfisema nun responde d'esa manera, sólo alenta. Nun son capaces nin a tusir nin a refungar pola nariz. El caballo, dentro da súa particularidá, é un animal que nun pode devolver a comida, tan siquiera, debido al paladar que ten, qu'э mui llargo. Al apretallo, pos ten que toser primeiro y despós refunga. É así. Però si tein enfisema por algúa razón nun fain esa respuesta fisiológica. Eran trucos que sabía él. Él pra os caballos era fabuloso.

En fases más avanzadas poñíaseyes el pelo dereto nel lloombo, poñíanse repe-lóis, era condo el picado se fía crónico. Però chegados a este punto xa era qu'a enfermédá taba declarada. Con esa técnica d'él era el xeito de nun llevar un caballo enfermo prá casa. Despós temén se fijaba nel braciар, na forma d'andar, que nun se «coyese». Nun podía ir cruzando el paso... que nun coyese úa pata col outra. Y mui importante saber a edá y mirar que nun fose «falso». Eso era

mirar de que nun dese mordiscos nin patadas. Él iba arrimándose pol lateral y pasábayes a mao por entre as patas d'atrás, mirando que nun ye dese úa couz, claro. Poñíase del llado y empezaba a tocallos, y si sacudían pos, oye, xa había que mirar qué pasaba. Iba tocando principalmente lo qu'è a zona xenital.

Ún dos problemas más graves que presentan os caballos é el «cólico», patoloxía que pode llevalos á morte. Dado que suele ser un tema recurrente y qu'al caballo que ye dá úa vez é propenso a que ye repita, por sentido común ese caballo naide lo quer. Si por úa mala dixestión, por frío ou por obstrucción intestinal, el animal nun é capaz a evacuar, a resposta del sistema dixestivo é producir espasmos.

Pepe de Parada Nova, de Penafonte (Grandas de Salime)

Ás bestias condo yes daba el tarazón sangrábalas con un colmillo de llobo, pero eso é outra cousa. Col «tarazón» poínse tollos, y dayes mui continuo. El cólico dayes por úa conxestión, por comer cebada ou herba caliente, por exemplo; el tarazón, al que ye dá, sigue dándoye muito tempo, pra sempre si cuadra. Dicían que nunca ye daba a úa bestia que fose allobada, que fose mordida pollos llobos. Algo llevan os llobos nos dentes que lo cura, pero nun che sei el qué.

Tamén yes hai que mirar que nun ten abertos dos brazos, que perden toda a forza. Condo s'enairan ábrense dos brazos. Quedan «entrepechados», se dice. Había xente que nun tía cuidado coas bestias, vían d'andar a caballo, col caballo en caliente, y deixábanlo unde daba el aire. Enfriaba de supetón y quedaba bloqueado. Entós pillas amoniaco, aguarrás y alcohol, todo mezclado núa botella a partes iguales, y frótasye todo el peto, pol llombo, pollas patas...hasta qu'empezan a reaccionar. Córreyes el augua a chorro, fixate ben, y curan.

Y si vas comprar bestia pra enganchar al carro convén comprobar si andan pr'atrás, pra ver si entran al carro. Háilas que nun queren y nun hai maneira, nun las dás enseñado. Eso hai que proballo allí, antias de comprar.

Pepe del Crego, d'Aguamaroza (Villayón)

Nas ferias eran mui apreciados os caballos «marchadores», pagábanse muito. Son mui cómodos pr'andar nellos y cansan muito menos. Y andan, avanzan que los parte un rayo. En casa sempre houbo caballos marchadores, qu'andan d'andadura, nun trotan, arrían d'úa forma mui particular. Marchando, eso mete medo, avanzan muito. Y pagan por ellos lo que pidas.

El gado ten muito que mirar si se quer mirar, pero hai qu'entender, claro. Por exemplo, nel corbexón d'atrás poden ter el esparaván. Tamén hai que mirar si tein «sobremano», que yes hincha aquí porriba del casco. Eso cúrase queimándolo con llume, pero hai que ter muitísimo cuidado porque nun se yes pode queimar el tendón. Calentas un ferro y condo ta al roxo fáisye cuatro ou cinco furacos xusto porriba del casco.

El «esparaván» é como un quiste nos tendóis da pata. Son difíciles de curar. Curan, pero hai mui pouca xente que sepa curar eso. Hai un carbayo qu'é fema, que bota a foya máis cedo y hai mui poucos, pos hai que sacaryes el arna, nun pode ser todo al redor porque senón seca. Févesla en augua. Envolve un trapo nel esparaván y bótase el augua fervida, que nun lo queime, y el caballo cura. Condo yes afecta al tendón xusto detrás derriba del casco, por detrás, dícese que tán da «raniya». Poñíase úa moneda grande nel furaco que tein ei, y vendabas ben forte.

El caballo é mui malo de curar. Tamén yes hai que mirar que nun ten «abertos dos brazos», que perden toda a forza. Condos'enairan ábrense dos brazos. Quedan «entrepechados», se dice. Había xente que nun tía cuidado coas bestias, vían col caballo en caliente y deixábanlo unde daba el aire. Enfriaba de supetón y quedaba bloqueado. Entós pillas amoniaco, auguarrás y alcohol, todo mezclado núa botella a partes iguales, y frótase todo el peto, pol lombo, pollas patas...hasta qu'empezan a reaccionar. Córreyes el augua a chorro, fíxate ben, y curan.

Condo tan «enairados» tamén yes fai ben sangrallos, pollo dente, pol paladar de riba. Quítase a llingua pra un llado y nel paladar de riba, cortas as tres rayas qu'hai, empezando pol dente; al medio das tres rayas chantas y allí tein úa vena, que ye chaman a vena xeneral, y eso é mui eficaz.

Ás bestias condo yes daba el «tarazón» sangrábalas con un colmillo de llobo, pero eso é outra cousa. Col tarazón poinse muito máis tollos, y dayes mui continuo. El cólico dayes por úa conxestión, por comer cebada ou herba caliente, por exemplo; el tarazón, al que ye dá, sigue dándoye muito tempo, pra sempre si cuadra. Dicían que nunca ye daba a úa bestia que fose allobada, que fose mordida polos llobos. Algo llevan os llobos nos dentes que lo cura, pero nun che sei el qué.

Pacho Fernandín, de Granas (Villayón)

Na «sobremano» hai que dicir qu'é condo se pisan coa pata d'atrás na d'altre. É un defecto que ten el animal a nivel muscular y que nun se corrixe. Eso vai a fello pra sempre. É úa sobrecarga del músculo dende el casco hacia riba. Lo qu'é a

raniya, que lo lleva úas veces máis y outras menos a tropezar y arrodiyar d'alantre. Y distínguese da sobremano en qu'asobremano coxeira.

Había tamén outro defecto nos caballos qu'ê condo os dentes de riba montan mui porriba dos dentes de baxo y dícese que son «garzos». Però bon, eso é un defecto relativo, simplemente que montan os dentes de riba nos de baxo. Nun era mui importante pero abondo pra restar precio nel trato, qu'ê lo que se trataba.

Tamén había caballos que dicían qu'eran «guelfos» y naide los quería. Comían como todos, fían a dixestión como todos, pero tían os dentes d'abaxo máis pr'alantre qu'os de riba, eran máis feos, y nun se vendían. A nun ser qu'a rebaxa fose razonable, como sempre.

Cibrán, de San Xuan de Moldes (Castropol)

Na mía casa houbera un burro que taba malo y os veterinarios nun daban sabido de qué. Veu Cibrán y nada máis que lo víu xa dixo qu'era el «arador». Púxose a escavarye nel pé, foi quitando aquello, llimpando con un cuitello y valleirando todo el casco. Entre a parede de fora del casco y lo sano, foi sacando todo, é que taba furado. Clavaba el cuitello todo pr'adentro en lo que taba malo y el burro nin se movía. Salía todo desfeito, como si fora serrín. Con auguarrás, calentándolo ben, xusto antias de que s'encendese, poñíase el casco mirando pr'arriba, y enchíalo con auguarrás. El auguarrás iba desaparecendo, evaporábase y volvía Cibrán a enchello. Así tuvo ús contos días hasta que curóu.

Casablanca, de Candosa (Castropol)

Hai que mirar si tein «amatas». Ás veces as bestias empezaban a botar manchas nel pelo brancas igual así pol pico del espiazo y dicían «¡Oi! Eso foi úa amata da montura». Perdían el pelo y el que salía despós ás veces era branco. Eso xa ch'indicaba qu'era un animal mui trabayado de montar nél.

Y cos burros lo mesmo. As «matadeiras» dos burros son as rozaduras que yes fain as albardas. Curábanse con augua de freisno. Esparazaban a madera de freisno y cocíase y sanaban con eso. Y pra que despós yes medrase el pelo outra vez, fel d'fégado del cocho, macerado en alcohol.

Había que miraryes tamén a «cincheira», úa ferida baxo del ventre dos caballos pol roce da cincha y el sudor. Eso indicaba que taban trallados de tanto trabayar. Pasábayes muito condo andaban sacando travesas pra fer a vía del tren. Y condo los tían ben raventados...intentaban vendellos por novos.

Y os caballos de monta si tían as rodiyas «encetadas», ou con manchas brancas, é que cayían de delante. Eso era un defecto. Fían feridas nas rodiyas y salía-yes el pelo branco despós. Dician que s'iban de delante... y rechazábanse. Cayían cada pouco, nun valían pra montar.

Si taban encetadas nel chao d'aguya, enriba das patas d'alantre, eso é qu'iban cargadas d'alantre. Eso é porque los cargaban muito y fian marcas coa montura. A montura tía que tar ben feita, qu'eso tamén era outra cousa qu'había que mirar. Os caballos que foran algo pandíos, algo baxos del espiazo y altos d'aguya, a esos mancábalos a montura a casi todos, y a albarda igual. Había caballos que yes fía úa curva el espiazo qu'aquello era terrible. Y eso era qu'eran así de nacimiento. Eu pra mirar si taban mal d'aguya pillábayes el peleyo del espiazo d'un puñado, tirábayes pra un llado primeiro y despós pral outro y si taban mal del espiazo, fallábanyes as rodiyas. Si yes pasaba eso despós cayían mui fácil condo iban col carro y si llevaban úa persona lo mesmo. Cayías por delante del caballo. Como cayese de rodiyas salías por enriba da cabeza del caballo.

Pra saber si os caballos taban «picados del pulmón», apretábanyes a garganta por fora d'un puñado y tía que pegar tres tusidos un tras d'outro, seguidos. Si daba un tusido nada máis era señal de que taba mal del pulmón. Tía que dar tres tusidos pra qu'a cousa fose ben. Había qu'apretar el gorgoleiro ben con forza y tía que tusir tres veces, si non, é que nun taba ben.

Tamén yes salen «sapas» a os caballos condo pillan úa mola el papo da boca. Mórdense, hínchayes yponse amoratado que despós nun poden comer. Pos con úas tixeiras, cortábanyes aquello mouro que tían, curábaseyes ben con sal y vinagre a boca, y axina volvían comer.

Gervasio de Mumián, de Mumián (Tapia)

Condo s'enclavaban, que se pinchaban con un clavo, llimpábayes ben el casco y botábayes pólvora pra cauterizar el casco da vaca.

As «sapas» dos caballos aparecían condo se mordían pol llado de dentro da boca, por dentro del papo al masticar. Cortábayelo coas tixeiras sangraba un pouco pero pasábayes axina. Despós con un pouco de salmueira ou viño curaban.

As veces tamén tían lo que yes chaman el «sobrediente». Nos caballos, nel celo da boca polla parte d'atrás dos dentes, medrábayes outro que nun yes deixaba comer. Nun era un dente, era nel paladar que yes medraba como si fora un callo. Calentaba un ferro llargo y queimábayelo. Cheiraba muito, pero el caballo nin se movía. Nun podían comer de xeito con aquello así.

Moisés da Casanova, de Castaedo (Villayón)

Da vista tamén las hai que mirar porque poden ter úa mancha nun oyo y xa los fastidia. Ou pode tar cego incluso, tar cego d'un oyo, y nun te das conta. Y eso sábeslo ben según ta el animal. Fáisye este xesto(chasquea os didos) delante del oyo coa mao y, si nun chisga el oyo, pos é que nun ve.

Os tendóis das patas tamén los había que mirar pero bon xa se yes vía. Movíaslo un pouco y xa vías si había fallo al andar.Pra rexistrar el gado teis que movello. Había algún que «regaba», que si cuadra tía el tendón algo jodido da pata d'atrás y llevaba a pata un pouco de llado. Nun daban ben el paso y eso tamén ye quitaba valor.

Alejandro del Cabo, da Espía de Paramios (A Veiga)

Amañaba el gado «desortillado». As desortilladuras, que si cuadra pisaban as vacas ou as bestias así de punta col casco. Metíayes úa rodela de madera así detrás y despós vendaba pra que seguise funcionando. Eso era pra lo que ye chamaban desortilladuras... y despós d'eso volvían a pisar ben, sin problema.

Había bestias que tían un problema nel casco que ye chamaban el «aristín», qu'empezaba a comeryes nel casco y todas esas cousas. Fíayes úas cavernas nel casco, quedaban yoyos, quedaban como chíos de farina. Había qu'ir sacándoyes aquella farina y allí botábaye, queimábanyes aquello con un torrezno derretido. Pinchabas el torrezno nun palín, prendíayes llume y aquella grasa fervendo iba pingando enriba del casco... y d'aquella nun había outra melecía pral aristín. Si nun s'ataya a tempo chega a deformarse el casco que nun hai xeito.

Interesante respecto a este home foi el atopar na súa casa úa ferramenta qu'usaba pr'aguantar aberta a boca dos caballos y poder esaminallos y daryes melecía sin peligro a ser mordido. Tía un ferro feito a propósito pra fer eso, pra que nun zarrasen a boca.

Gervasio de Mumián, de Mumián (Tapia)

Condo s'enclavaban, que se pinchaban con un clavo, llimpábayes ben el casco y botábayes pólvora pra cauterizar el casco da vaca dándoye llume.

As sapas dos caballos aparecían condo se mordían pol llado de dentro da boca, por dentro del papo al mastigar. Cortábayelo coas tixeiras sangraba

un pouco pero pasábayes axina. Despós con un pouco de salmueira ou viño curaban.

Ás veces tamén tían lo que yes chaman el «sobrediente». Nos caballos, nel celo da boca polla parte d'atrás dos dentes, medrábayes outro que nun yes deixaba comer. Nun era un dente, era nel paladar que yes medraba como si fora un callo. Calentaba un ferro llargo y queimábayelo. Cheiraba muito, pero el caballo nin se movía. Nun podían comer de xeito con aquilo así.

A «melga» eran úas cortadas que se yes fían a os caballos na llingua. Ás vacas tamén, pero menos. Dician qu'era de comer comida mui brava, qu'as veces comían artos ou toxos, muitos. Meu padre curábayelo con un hisopo untado en vinagre y sal. El hisopo fíalo con un palo con un trapo envolto na punta.

Tío Xan das Penasagudas, de Villargomil (Tapia)

Muita xente equivócase al mirar os dentes dos caballos, confúndese coas vacas. Os caballos tein a dentadura grande, muito máis qu'as vacas. Si ten os dentes grandes a vaca, é qu'é nova, pero el caballo si ten os dentes grandes é veyo. Conto máis grandes, máis veyo. As vacas coa edá van gastando os dentes, cada vez teinlos máis pequenos, pero os caballos é al rovés, conto máis veyos, máis grandes los tein.

Despós, os caballos tein atrás de todo a «faba». Tein atrás ús dentes que van menguando, é con lo único que sabes que se vai fendo veyo. A xente qu'entendía dedicábase a miraryes a faba, a ver si a faba taba baixa ou taba alta. A faba era un dente que tían atrás de todo, el último de todos, y eso un caballo que vai andando en anos, conto máis veyo, máis lo vai gastando. Pero as palas son al rovés, conto máis veyo é el caballo, máis grandes ten as palas. Médranyes toda a vida.

Ás veces tamén tein lo que se chama el «dente de llobo». Vai medrándoyes úa mola picuda que los manca muito y hai que quitáryela. É que nun yes deixa comer de lo que yes dole. Ese dente de llobo hai qu'arrancáryelo. Muito era col freno, al tiraryes del freno, el freno iba estropiándoyes os dentes.

Os caballos tordos hai que mirallos mui ben. Muitos tiran a ter «patacas» nel rabo, y esos nun valen nin pra comer. Son a trampa máis grande qu'hai. Na reiz del rabo, por debaxo, tein como úas bóchigas qu'en conto chas ven xa che dicen qu'el caballo nun vale. Naide los quer. Primeiro son pequenos pero condo son máis veyos, máis grande se fain. Son como quistes, os veterinarios chámanye melanoma a esta enfermédá. Y lo chocante é que salen nos caballos tordos nada máis. El caso é que tu cómpraslo por bon, págaslo por bon, y en conto se che descubren as patacas, nun cho quer naide, nun vale nin pra carne... nin pras fieras.

COCHOS

Tían pouco que revisar, nun padecen tantas enfermidades como el gado, y mirábase pouco pra ellos. Escoyíanse de pequenos pra criar na casa, al gusto de cada ún, mirando casi sempre que fosen un pouco allargados pra que medrasen máis, con algo de cul pra que desen bus xamóis, y que fosen argutes; esto quer dicir que fosen espabilados y se yes vise moverse con axilidá.

Tamén se prestaba atención á capía. Nel caso dos machos convía que tuvesen capados porque si non a carne daba un sabor particular y un olor que nun gusta, cheiraba a bravío. Algún vía capado a medias porque si cuadra tía un coyón dentro y el capador pasábalo por alto sin darse conta al estirpar a bolsa escrotal. Un cocho con un coyón conócese na fala del occidente como «rezcoyo». Nel caso das femas a capía nun tía tanta importancia, però había que precatarse de nun matallas condo taban en celo porque tamén se podía estropiar a carne.

Por lo demáis, mirábanse certos defectos y achaques que, a poder ser, era ben detectar antes de llevallo prá casa. Gervasio de Mumián cita estos casos.

A os cochos que tían el *mal rojo* había que descartallos, muitas veces acababan morrendo. El *mal rojo* era úa fiebre que los henchía de ronchas y si yes pasaba a os de casa, fregábalos con alcohol ou vinagre, pra que reaccionasen y sacasen el calor. Tamén había que mirar si tían el «dente negro», y quitáryelo. El dente negro é un dente raro de color mouro que yes salía, rara vez, però que yes quitaba de comer. Cortábayelo con úa tenaza condo inda eran pequenos os cochos. Eu acórdome de comprallos y algún cochín xa vía con él. Salíanyes na mesma fila dos dentes normales, ún de cada llado, y nun yes deixaban masticar como é debido.

Benigna de Casa Barreiro, de Masenga (Villayón) amece outra patoloxía qu'afectaba a os cochos.

Tamén había el «mal del lomo», que van torcéndose da espalda, como si se puxeran xorobos, como algo doblados, nun sei cómo dicirche. Quedaban algo máis pequenos, nun medraban el que tían que medrar. Al que ye daba eso nun

volvía ser el qu'era. Despós, condo los abrían el llombo taba arrugado, nun taba como tía que tar. Podía comerse pero taba como máis seco.

Luis Armando de Queitana, del Pousadoiro (Santalla d'Ozcos) fala de comprobar que nun teñan el grao, úas bóchigas que yes salen por dentro da boca a os cochos.

Condo os cochos tein el «grao», hai que ter cuidado porque poden morrerche. Sáleyes por dentro da boca, pollos llados, non nel paladar de riba nin de baxo, pollos llados. Salíayes como úa bóchiga y cortábaseyes coas tixeiras. Son bultos que yes salen por dentro da boca, pollos llados. Témosye visto fello a mía bola.

Tamén había que mirar que nun vesen «de mala mao», como el resto dos animales, pero nel caso dos cochos parece que se ye daba máis importancia inda. Dicían qu'había personas que tían mala mao, que todos os animales que pasaban por ellos acababan tendo problemas. A lo miyor nun era bon ganadeiro, nun atendía ben el gado, y eso notábase nun comportamento receloso, espantadizo dos animales. Ademáis tamén podía ter mala mao el que vendía sin búa fe, el que sintía envidia, ou el que ye parecía qu'el outro salía ganando nel trato. Os máis supersticiosos falaban de que qu'embruxaban el animal, que yes botaban el mal oyo. Pepe de Xampérez, de Ventoso (Santalla d'Ozcos) relata esta esperencia que tuvo.

Eo lo que nun se m'esqueice é condo veu el Maderno d'Ancadeira desembruxar os nosos cochos. Nun comían, y el caso é que veu el Maderno y os cochos puxéronse a comer. Él pidíu us calzóis y fixo úas cruces porriba del cocho y dixo nun sei qué palabras. Nun sei qué fixo allí y aquello había qu'ir despós queimallo a un cruce de camíos. Lo que fixo nun lo séi, porque él botóu a todo el mundo fora, nun quería que lo visen, pero si fora hoi xa miraría eu de vello por algún sito porque sempre me quedéi coas ganas. Y si nun fora por ese home, os cochos morrían...porque nun comían bocado.

En Villanova d'Ozcos desembruxaba os cochos y as vacas Amador de Guieiro, curandeiro de mediados del siglo xx. Úa vecía súa chamada Maruja del Sacristán recorda el método.

Había un rezo... y úas cruces que se fían porriba de animal. Fíalo cos cochos si nun comían, ou si algúa vaca a lo miyor vía prá casa que parecía que taba embruxada, qu'igual daba sangue nel lleite ou tían un comportamento estraño. Iba féndose cruces pol llombo y rezaba:

Cristo te deu,
Cristo te fundóu,
Cristo che quite el mal d'oyo
si alguén cho botóu.
Oyóute ún,
desóyente entre tres:
San Pedro, San Juan y San Andrés.

CONCLUSIÓIS

Coa chegada dos veterinarios, os albeitres y os rexistradores nun tían sito. Acabóuse el trato a cegas y as trampas encubertas. Nas máis de cincocentas entrevistas que se fixeron neste estudio sobre a veterinaria popular foron ben d'ellas as que se destaparon. Saliron casos de pintar con betún a pelaxe branca dos burros veyos pra vendellos por novos; bestieiros que llimaban os dentes dos caballos entrados en edá pra qu'aparentasen menos anos, y hasta un caso d'un que fía paladares postizos con madeira de bidureira coas pezas dentales que yes faltaban. Tamén se destaparon ventas de vacas patadiegas a daquén que che cai mal, asegurándoye que máis mansa nun la había; ou de meter al caballo durante un par d'horas nel augua fría del río pra disimular el dolor dos esparavanes xusto antias da feria; ou de vender un xato al empezo da feria y entregar al final outro distinto, máis ruin, lóxicamente.

Tal era a picaresca que despós de tantas ferias conocíanse todos...ou casi. Y nun faltaba algún caso en qu'el propio rexistrador, ás espaldas del comprador que ye pagaba, recibise cuartos del propio tratante por fer a vista gorda cos defectos del animal. Sin dar nomes dos personaxes da historia, queda aquí testimonio de tal cousa.

Si cuadra teis vendido con un paisano us bois por un tanto, pos si chega el rexistrador y ye ve as glándulas mal, teis que quitarye precio si non xachos deixan

nel rexistro. Cada defecto que yes aparece hai que quitarye cuartos, si non nun hai trato. Y, si ques aguantar el precio, pos véndesyo a outro, nun pasa nada. A lo miyor ven outro comprar y nun detecta el fallo. Ou si el que vén rexistrar é conocido, métesye cuartos pral bolso, dasye un tanto pra que lo pase y llisto. Pagábase al rexistrador sin que lo soupese el outro y dáballo de paso. ¡Ui! D'eso había muito. Taban compinchados, ¿nun sabes? Dabas cuartos por detrás pra que dixese que taba llimpa.

Y despós nun se pode esqueicer qu'a venta del animal podía ser a máis de dúas bandas. Mentres nun taba pechado, podía entrar outro y llevalla pagando máis. Por eso despós había por detrás un llabor de desgaste enorme contra outro particular. Si ch'interesaba úa res en particular convía que nun se soupese muito, pr'allargar el trato en busca d'úa rebaxa final. Claro que nese tempo podían quitarcha, por lo que se solía falar dos defectos que tía con outros posibles compradores tratando de quitaryes interés por ella.

Eu iba muito ás ferias, chegaba a Pola d'Ayande, y si me pedía que rexistrase pos miraba a ver, pero nun era el meu forte. Podía rexistrar úa si se daba el caso. Y mira cómo son as cousas. Úa vez taba mirándoye a un conocido úa vaca parida que quería comprar na feria. Tabo agachado comprobando si daba lleite por todos os tetos y pasou un paisano da súa zona por allí que lo víu y díxoye:

—Coño, Pacho, ¿compróu úa vaca moura?

Pacho miróu de llado y contestóu.

—Si, ho... Y, ¿qué pasa?

—Nun pasa nada...-dixo el outro.

—Xa tuven máis así y daban el lleite branco-espetóu Pacho pra quitallo de delante.

Al outro tamén y'interesaba, quería jodello, ¿nun sabes?

Despós tamén había quen s'aprovetaba de quen nun ten muita idea del gado. Lo mesmo qu'hai xente que ten gado pero nun é ganadeiro. Nun lo entende. Si che vían cara d'infeliz, na feria tabas perdido.

Si tein úa mola que yes medra torcida hai qu'arrancáyela. Había ún aquí que yelas sacaba la mar de ben. Trataba en burros y tían núa casa úa yegua mui veyá, mui veyá, y vendíanla. Foi y compróuyela, aunque tía úa mola atravesada que nun ye deixaba comer. Foi y sacóuyela a mola y vendéuyela a outro paisano por máis

cuartos. El paisano aquel nun entendía nada. Díxoye qu'era nova y pasóu. Però despós a yegua nun comía y el home protestaba. Dicía el tratante.

—¿Mirácheye a boca? Igual ta mudando as molas y por eso nun come.

El home miraba y decía.

—Pos sí, fáltaye úa. Debe tar mudando...

—Y así lo engañóu. ¡Pasóu por nova y llougo tía ventioito anos!

Nel trato ademáis tabas preso polla palabra. Si se daba precio y el comprador aceptaba, xa nun se podía botar pr'atrás. Cuntóu úa anécdota un tratante pol apuro que pasóu por falar de máis.

Aquella yegua vendínla y nunca me pasóu a pena por ella, mira si era búa. Porque os animales son mui llistos, saben máis qu'axente. Enfadóuse conmigo a yegua, vendinya a ún d'allí, del conceyo de Villayón. Quixo comprarma muitas veces y eu nunca ya vendía. Úa vez tuven que marchar da feria de San Fernando porque ma quitaban. É que víndola andar enamorábaste d'ella. Dinye úa volta por allí y dícame un gallego.

—¿Cónto qués por ella?

—Trescientas mil pesetas-ye dixen.

Era úa barbaridad de dinero, pedinye abondo pra que nun ma comprase... y fun darye outra volta por allí. Nesto veu un vecín meu tar conmigo y díxome.

—Ten cuidado, tan ei el gallego y outros cuantos perguntando cóntos cuartos tein. Si xuntan abondo entre todos han vir pagarcha.

Entonces eu, como nun quería vendella... montéi, enganchéi pol monte arriba y escapéi prá casa, por si aceptaban. Penséi que pidindo tanto que nun la iban querer però al final xa iban comprar a yegua.

El trato del gado, como todo neste mundo, foi cambiando cos tempos y dentro d'esa evolución a figura del rexistrador foi perdendo peso hasta desaparecer. Hoi en día os animales pasan todos úa campaña anual de saneamento que garantiza el estado de salú da cabana. Ademáis, todos y cada ún d'ellos rexístranse al pouco de nacer y deixan conta de todos os datos pertinentes, quedando fora de duda a edá, características, xenea-loxía, procedencia, etc...

Agora, en todo caso, si el comprador ten interés en chequiar un animal en concreto recurrirá a os servicios d'un veterinario. Xa solo quedan, por exemplo en caso de vacas pintas de vida, nel mercado de Torrelavega,

operarios que mecen á vaca delante del comprador y verifican que todo ta correcto. Y si se quer saber si ta preñada y de cónto, nel mercado de Pola de Siero, por exemplo, chámase al veterinario, fai úa exploración manual y detecta el preñado a partir del mes de xestación. Si el comprador ten dudas, inda pode pagar por ferye úa ecografía y quedar así conforme. Tamén é frecuente solicitar analíticas de sangre pra descartar enfermedades qu'el saneamiento oficial nun recoye.

El rexistrador era un home sabio, esperto na observación del gado, hábil na exploración, llisto nel análisis. Tabá curtido nel arte del trato y el engaño, avezado a trampas y chanzas, y a súa palabra era respetada porque naide entendía máis qu'él. Actuaba condo lo chamaban, cuntábaye en secreto al cliente el sou veredicto, cobraba lo sou, y marchaba sin fer ruido.

Este oficio desaparecéu, xa nun s'usa el rexistro nas ferias, pero antias de que s'esqueicese por completo era urxente investigar el método tradicional col que revisaban el gado. Con ese fin foi feito este estudio y publícase aquí nas súas propias palabras, nel sou contesto, según se recoyéu nas entrevistas. Así pode entender el llector a esencia del trato y del rexistro.